

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, SOCIEDADE ANÓNIMA

Por acordo do Consello de Administración da Sociedade, convócase Xunta Xeral Extraordinaria de Accionistas, no domicilio social de San Cibrao das Viñas (Ourense), Parque Tecnolóxico de Galicia, en primeira convocatoria o próximo día 1 de febreiro ás dez horas, e en segunda convocatoria, á mesma hora e lugar, **o día 2 de febreiro**, co obxecto de deliberar e resolver sobre os seguintes asuntos:

ORDE DO DÍA

Primeiro.- Proposta e aprobación, se procede da modificación dos seguintes artigos:

- 1.1 Modificación do artigo 11º dos estatutos sociais.
- 1.2 Modificación do artigo 13º dos estatutos sociais.
- 1.3 Modificación do artigo 15º dos estatutos sociais.
- 1.4 Modificación do artigo 17º dos estatutos sociais.
- 1.5 Modificación do artigo 18º dos estatutos sociais.

Segundo.- Proposta e aprobación, se procede da creación do artigo 19º dos estatutos sociais.

Terceiro.- Proposta e aprobación, se procede da refundición dos estatutos sociais da Sociedade adaptando o seu texto ás modificacións estatutarias anteriores e á vixente Lei de Sociedades de Capital.

Cuarto.- Cesamento e nomeamento de Conselleiros do Consello de Administración, se procede.

Quinto.- Autorización ós membros do Consello de Administración para que poidan adicarse, por conta propia ou allea, ó mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade que constitue o obxecto social da Sociedade, se procede.

Sexto.- Concesión de facultades para elevar a públicos os acordos que se tomen.

Sétimo.- Rogos e preguntas.

Oitavo.- Redacción e aprobación, se é o caso, da Acta da Xunta e/ou designación de interventores para a súa aprobación.

Comunicase ós señores accionistas, en virtude do previsto no artigo 197 da Lei de Sociedades de Capital, o dereito que lles asiste a solicitar con anterioridade á celebración da Xunta, os informes e aclaracións que estimen precisos sobre os asuntos comprendidos na Orde do día ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes ata o sétimo día anterior o previsto para a celebración da Xunta.

Asimesmo, en cumprimento do previsto no artigo 287 da Lei de Sociedades de Capital, informase de que a partir da presente convocatoria, os señores accionistas terán dereito a examinar no domicilio social o informe elaborado polo Consello de Administración da Sociedade que contén o texto íntegro da modificación estatutaria proposta así como a xustificación da mesma, podendo pedir a entrega ou o envío gratuito do devandito documento.

Finalmente, informase ós señores accionistas que, por experiencia de ocasións anteriores, a Xunta celebrárase probablemente en segunda convocatoria.

En San Cibrao das Viñas (Ourense), a 26 de decembro de 2016.

A Vicepresidenta do Consello de Administración, D^a. Patricia Argerey Vilar, Representante persoa física de Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

